



Subdirección Xeral de Enerxía
Dirección Xeral de Planificación Enerxética
e Recursos Naturais
Vicepresidencia Primeira e Consellería de
Economía, Industria e Innovación

Expediente IET: P-20-550
Asunto: Parque eólico Reboiro
Concellos: Baralla, Castroverde e O Corgo (Lugo)
Promotor: Green Capital Power SL

Con data 25/08/2022 recibíuse no Instituto de Estudos do Territorio (IET) un escrito da Subdirección Xeral de Enerxía, por medio do cal da traslado da resposta que presentou o promotor do parque eólico Reboiro ao informe emitido polo IET con data 20/06/2022.

O informe do IET do 20/06/2022 expresa as conclusións sobre o impacto paisaxístico deste parque eólico, e valora as medidas preventivas e correctoras propostas para minimizar a afección aos valados tradicionais, sinalando a procedencia de incluílas no estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), pero especificando que non sería necesario someter o citado EIIP a un novo informe do IET.

No escrito da empresa promotora quedan descritas as medidas adoptadas como consecuencia do informe do IET, concluíndo que se acepta o contido do citado informe.

En consecuencia co exposto, reitéranse as conclusións do informe do IET de data 20/06/2022, e se considera adecuada a contestación presentada pola empresa promotora.

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

(Na data da sinatura electrónica)

